



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE XANEIRO DE 2016

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO

D.^a MONTSERRAT HERMIDA MONTERO

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e dous de xaneiro de dous mil dezaseis baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión os Concelleiros D. Marcos Rodríguez Calvo e D. David Rodríguez Sanmartín.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE DECEMBRO DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta e un de decembro de dous mil quince.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚMERO 2 DO PXOM DA CAPELA. APROBACIÓN INICIAL. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da corporación do documento para a aprobación inicial da modificación puntual número 2 do PXOM da capela, que recolle por unha banda a creación de núcleos nos lugares de Augasroibas, O Bidueiro - A Braña, Guillurfe, Penagrande e Os Picos, que no ano 2006 non reunían as características e que polo tanto quedaron á marxe do PXOM.

Doutra banda téntase solucionar o problema dos solos urbanizables nos dous extremos das Neves e en Mourente que pasan á clasificación de solo de núcleo rural, quedando excluída A Serra, xa que non reúne as características de núcleo tradicional.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que o documento recolle os criterios establecidos nas reunións mantidas no Servizo Provincial de Urbanismo da Xunta de Galicia na Coruña e no departamento de Estradas da Xunta de Galicia en Santiago.

Remata a súa intervención, sinalando que considera que este documento é un paso importante para os veciños da capela e para o seu desenvolvemento.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, pregúntase ao Sr. Alcalde ¿Por qué non se recolle na modificación proposta o conxunto dos núcleos?

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndaselle que dende a Secretaría Xeral de urbanismo da Xunta de Galicia, na primeira reunión que se tivo, xa fai tempo quedou claro que as modificacións puntuais non poderían abarcar todo o conxunto do planeamento, xa que senón tería que irse á redacción dun novo PXOM.

Dí o Sr. Alcalde que unha vez rematada a modificación puntual número dous falarase cos veciños dos demais núcleos por si procedera facer máis modificacións puntuais do PXOM aprobado no 2006.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente manifestando que todos os grupos municipais foron convidados a todas e cada unha das reunións e estiveron presentes para acadar o consenso do presente documento, nas que se deu conta dos pasos que se ían seguindo, e que ó tratarse dun documento moi importante para A Capela e para o seu desenvolvemento non entendemos como algunha das formacións políticas con representación no Concello, non acuden ao pleno á toma dunha decisión tan importante para A Capela e para os seus veciños, e nos deixan sen coñecer a súa opinión sobre este asunto tanto na Comisión informativa realizada o derradeiro luns coma no pleno de hoxe.

Remata a súa intervención dicindo que logo dirán que se sae mal a culpa foi dos outros, e se sae ben terán que calar, pero o que non poderán dicir no facebook e que o equipo de goberno non contou con eles.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por unanimidade dos Sres/Sras. concelleiros/as asistentes á sesión que representan o quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente o documento de Modificación Puntual número 2 do PXOM da Capela.

2º. Sometelo a trámite de información pública durante o prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior difusión da provincia.

3º. Simultaneamente ó anterior dar audiencia aos concellos limítrofes e recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas quince minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz